



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP AsForcadas



R/As Forcadas s/n
15114Corme(A Coruña)
Tlf.: 881880930 Fax: 881880931
ceip.asforcadas@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipasforcadas/>

Estimados pais, nais, titores legais:

Durante esta semana, os vosos fillos e fillas, tiveron a oportunidade de poder disfrutar dalgunhas actividades complementarias ás habituais da aula que estamos convencidos foron de grande valor instrutivo.

O luns co gaio do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, tivemos unha xornada completamente destinada a traballar o concepto de persoa con discapacidade. Para isto o noso departamento de orientación en colaboración co resto do profesorado, artellou unha gran cantidade de actividades para que o noso alumnado se puidese poñer na pel de alguén que conviva con algunha discapacidade.

Esta xornada logrou o sobresaliente grazas a participación de Martín Varela e Lorena Collazo, presidente e secretaria respectivamente da nosa ANPA, que con grande profesionalidade e de xeito moi lúdico, lograron darlle a esta xornada un grao de calidade superior.

Grazas a eles, distintas cadeiras de rodas e diversas bicicletas adaptadas puideron ser experimentadas en primeira persoa polo noso alumnado. Inclusive na práctica deportiva do tenis.

O martes, tivemos a oportunidade de asistir a unha fabulosa representación de títeres a cargo da compañía Alakran. Esta representación sobre a obra de Manuel María “Os soños na gaiola”, ven a ser a primeira actividade dun proxecto promovido polo concello en colaboración coa Fundación Casa-Museo Manuel María.

Máis adiante, teremos unha exposición e taller sobre unhas ilustracións ao libro, un concerto en participación conxunta co CEIP Eduardo Pondal, e unha saída gratuíta, subvencionada polo concello a propia Casa-Museo situada en Outeiro de Rei.

Hoxe mércores, tivemos tamén unha actividade promovida polo concello, no que a coñecida regueifeira Lupe Blanco e o seu acompañante Tono, traballaron co noso alumnado de primaria arredor dun cancionero feito por un cormelán coñecido por *Ben cho sei*, que recolleu unha gran cantidade de coplas de Corme. Así ademais de crear coplas novas, os vosos fillos e fillas, foron quen de decorar unhas camisetas coas súas creacións.

Recordade por último que por calendario unificado da Xunta, o venres 7 non é día lectivo ao considerarse Día do Ensino.

Sen outro particular, un cordial saúdo,

Corme, a 5 de decembro de 2018

O Directo